

Así mesmo, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula sétima, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente Convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data reseñada no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, Polo Concello de Campolameiro,

Rafael Louzán Abal

Julio Gonzalo Sayáns Bugallo”

14.17412.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE A LAMA PARA A INSTALACIÓN DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE RACELO

A Deputación de Pontevedra coa finalidade de fomentar e facilitar o deporte de base pretende mellorar e ampliar as infraestruturas deportivas da provincia, instalando para iso campos de herba artificial en diversos concellos, o que procurará un mellor servizo ós cidadáns xa que esta superficie permite un maior uso e aproveitamento, así como un menor custo no mantemento.

Considerando que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o art. 6 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, preténdese subscribir un Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Lama para a instalación dun campo de fútbol de herba artificial.

O Sr. Secretario da Corporación informa, o mencionado convenio de colaboración.

Por Intervención infórmase que a cantidade á que ascende o convenio financiácese con cargo á partida 09/123.452.662.09.2008, estando en fase de gasto comprometido a adxudicación do contrato de execución da obra dos campos de herba sintética.

Vistos así mesmo, os Informes emitidos polo Sr. Secretario e Interventor, respectivamente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello da Lama para a instalación de herba artificial no campo de fútbol de Racedo.

Este acordo quedará condicionado á remisión da documentación correspondente por parte do concello.

Así mesmo, lle faculta ó Presidente da Deputación para a formalización do convenio mediante a súa sinatura.

Dito convenio é como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE A LAMA PARA A INSTALACIÓN DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE RACELO

En A Lama, a .... de ..... de 2009

#### REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E D. Jorge Canda Martínez, Alcalde-Presidente do Concello de A Lama, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e

## EXPOÑEN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 6 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, art. 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a lexislación vixente en materia de Réxime Local encomenda ás Deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, e polo que instrumenta dito convenio dirixido o cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

III.- Que a Deputación de Pontevedra, a partir da promulgación da Lei de Cultura Física e Deportes, prestou unha especial atención na promoción de toda clase de deportes, colaborando con todos os concellos da provincia na construción de instalacións deportivas, de modo moi singular campos de fútbol por toda a xeografía provincial. Importante foi, así mesmo, a participación nas instalacións da infraestrutura dos campos de herba natural, labor que se realiza a través dos servizos especializados desta Institución.

IV.- Coa evolución de novas técnicas son moitos os concellos que solicitan axuda desta Deputación Provincial para a construción de campos de céspede artificial.

Isto é así porque este tipo de instalación ofrece unha serie de vantaxes con respecto ós de céspede natural, como son un menor custo de mantemento, maior aproveitamento horario e un uso máis intensivo sen que sufran deterioro, un comportamento similar ó de céspede natural con notables vantaxes de uniformidade, etc.

Hoxe en día, están xa recoñecidos para a práctica deportiva polos Organismos Internacionais correspondentes e de modo singular pola FIFA e UEFA.

V.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ambas as dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

## CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación de Pontevedra levará a cabo o proxecto de instalación de céspede artificial de última xeración no campo de fútbol de “Racelo”, no concello de A Lama.

O proxecto comprenderá a realización das seguintes actuacións a nivel construtivo:

- 1.- Realización da obra civil de infraestrutura básica.
- 2.- Instalación de herba artificial e dos seus compoñentes.
- 3.- Instalación do seguinte equipamento:
  - Un xogo de porterías de fútbol once (2 unidades).
  - Dous xogos de porterías de fútbol sete.
  - Un xogo de bandeirolas de córner (4 unidades).
  - Bancos de suplentes (2 unidades).
  - Un marcador.

Segunda.- O importe do proxecto ascende a contía de 498.678,48 €, incluída nestas cantidades a achega do concello, que serán aboados pola Deputación á empresa adxudicataria con cargo á partida 09/123.452.662.09.2008 do orzamento provincial.

Terceira.- Á Deputación Provincial de Pontevedra correspóndelle a dirección das obras e instalacións contempladas na cláusula primeira, podendo nomear o Concello un Técnico facultativo para a comprobación material da execución das obras, que non formará parte da súa dirección.

Cuarta.- O Concello de A Lama comprométese as seguintes obrigas:

1.- Achegar para a realización das obras comprendidas neste proxecto a cantidade de 124.000,00 €, financiándose dita cantidade en dúas anualidades.

Ó concello obrígase a ingresar na Deputación, unha vez formalizado o convenio e antes do comezo das obras a anualidade 2009, un importe de 62.000,00€, e a restante cantidade por importe de outros 62.000,00 €, no primeiro trimestre do ano 2010, e en todo caso, nos prazos que se sinalen na liquidación que se notifique.

No caso de falta de ingreso desta cantidade ou incumprimento de achegar a documentación requirida, a Deputación poderá reter ou compensar con calquera saldo a favor do Concello que houbese na Entidade provincial.

2.- Realizar as obras de adecuación complementarias necesarias para a posta en funcionamento do campo de fútbol, que serán relacionadas, valoradas e conformadas, conxuntamente, por un Técnico municipal e outro provincial designados polas entidades correspondentes.

3.- Así mesmo, o Concello comprométese a que as instalacións do campo podan ser utilizadas pola Deputación Provincial, para a celebración de calquera evento deportivo que poida organizar.

O máximo de ocupación por estas actuacións será de cinco días o ano, salvo circunstancias excepcionais.

A petición de utilización do campo para estes eventos deberá ser formulada pola Deputación Provincial, con polo menos quince días de antelación, a fin de coordinar o uso das instalacións.

4.- Dar a adecuada publicidade da subvención obtida en todos os ámbitos de actuación deste convenio.

Quinta.- O incremento da contía máxima estimada na cláusula segunda producida por unha modificación do proxecto inicial, financiarase, polas entidades subscribentes deste convenio, nas mesmas porcentaxes estipuladas nas cláusulas anteriores.

Sexta.- Unha vez concluídas as obras de infraestrutura e instalación de céspede artificial farase entrega ó Concello, mediante a formalización dunha acta de entrega.

Coa finalidade de evitar o deterioro que co uso poida sufrir o terreo de xogo, o mantemento e conservación do céspede levarase a cabo, conxuntamente, entre a Deputación e o Concello.

A Deputación aboará a man de obra e a maquinaria necesaria para elo, debendo o Concello achegar os custos dos materiais de reposición necesarios, (caucho, area, bandas de marcaxe, equipamentos, etc.).

Sétima.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Coordinación da que forman parte os Presidentes, ou persoas en quen deleguen e un Técnico de cada Entidade Local, que se reunirá dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas, na sede do Organismo requirido.

Oitava- O presente convenio entrará en vigor na data do seu asinamento e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2010.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

Novena- O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel e pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, R.d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, e polo R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo.

Así mesmo, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula sétima, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente Convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data reseñada no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra,

Polo Concello de A Lama,

Asdo. Rafael Louzán Abal

Asdo. Jorge Canda Martínez”

15.17413.- ADQUISICIÓN DE SEIS PENDELLOS NO RECINTO FEIRAL DE A GOLADA

A Deputación Provincial de Pontevedra, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 1 de decembro de 2006, procedeu á adquisición de corenta pendellos do vello recinto feiral do Concello de A Golada.

A finalidade desta adquisición é levar a cabo a restauración integral de todo o conxunto do recinto, a fin de dotalos de novos usos e poñer en valor este patrimonio histórico declarado Monumento histórico-artístico, polo Decreto 93/1985, de 2 de maio, da Xunta de Galicia.

A valoración dos pendellos efectuouse en base os criterios establecidos no inventario, avaliación e identificación de propietarios dos bens afectados, levado a cabo polo enxeñeiro Técnico Agrícola D. José Antonio Castro Vázquez, a petición do Concello de A Golada.